REVISTA QUINCENAL DE CRENTES GALEGOS

IRMIA

a xustiza e a paz bícanse

ANO XXXII • Nº 871 - Do 11 ao 24 de febreiro de 2013

Festa do lume 2013

Outra economía xa é posible

A foto que fala

Ilustración vía Twitter

O trasno Ferida austeridade

Daniel López Muñoz

Unha das principais vítimas de toda esta crise e de toda esta mascarada dos sobres, dos sobresoldos negros, das contas suízas e da diferente vara fiscal para uns e para outros..., unha das damnificadas máis evidentes, digo, é a señora Austeridade.

A austeridade é unha virtude moi reivindicable. Nun mundo sobresaturado de residuos e excesos, devorador de recursos escasos e enerxías limitadas, cunha economía armada sobre un crecemento imposible de manter tal e como o entendemos, e cunha desigualdade crecente... a austeridade é unha esixencia do sentido común, unha aliada do reparto xusto, unha condición necesaria da supervivencia do planeta.

Ademais, a austeridade, por natureza e opción é de esquerdas. Desde a espiritualidade da liberación, por así dicilo, até a práctica política organizada, hai, debería haber, unha maneira de ser e de estar no mundo, unha actitude de respecto polo diñeiro e polos bens materiais. A sabedoría popular, esa que desaparece un pouquiño cada día, laminada polos comerciais de Adidas e BMW, tíñao claro: os cartos eran a suor do obreiro e o pan, se caía, había que bicalo e recollelo.

Certo que despois veu a socialdemocracia moderna, a do *xa-somos-europeos* e aquel conto mandarín de que a escaseza e o reparto eran cousa do pasado. Pero non. Hai un contínuum moral na historia que fala en sentido contrario, dunha austeridade rebelde e coherente, a que une o persoal e o social: desde o berro do profeta (véxase o de Miqueas, que reproducimos neste número, na utopía de coresma), ao xesto radical de Fancisco de Asís , espíndose para repartirse, ou, tamén, ao de Julio Anguita, que renuncia á súa xubilación dourada de deputado para vivir coa normal de funcionario e acaba de chamar agora a unha rebeldía xusta. Ese delgado fío do profetismo feito acción fala dunha austeridade que coexiste co reparto, da que se asenta na crenza da igualdade e na fraternidade radical dos seres humanos.

A cuestión, desgraciadamente, enlámase toda cando a austeridade está predicada, proclamada e defendida por quen está montado nunha estrutura de financiamento corrupto, por quen cobra un ou varios soldos que semellan astronómicos para as tres cuartas partes dun país en quebra, por quen defende o indefendible e comparte mantel cos responsable do desastre.

Editorial Para que serve un parlamento?

Mentres que os políticos parecen incapaces de afrontar a situación na que nos encontramos, os cidadáns decidiron aumentar o volume e a intensidade das súas protestas: da rúa están pasando ás institucións. Moitos parlamentarios, temerosos, prefiren enrocarse, blindando unha institución que por definición debería parlamentar sobre os problemas que vive o pobo que representa. Outros apoian aos que teñen mil motivos para queixarse.

Temos un problema cos parlamentos. O que debería ser o foro máis aberto, a caixa de resonancia do pobo soberano, foi domesticado pouco a pouco polo executivo. O equilibrio entre poderes se resinte. É a coñecida "preeminencia do executivo" –o goberno– sobre o lexislativo. Así, as cámaras perderon sentido e, sobre todo, interese para os cidadáns. A disciplina dos partidos é directamente proporcional ao aburrimento parlamentario. Levamos anos de deriva nesa dirección. E esa dirección, non o debemos esquecer, levou á Europa de entreguerras aos fascismos. Ademais, os medios de masas non poden substituír aos parlamentos como foros de debate, porque nós non eliximos democraticamente aos propietarios nin aos directores dos xornais e ignoramos os intereses privados aos que serven.

a protesta cidadá medra e pasa da rúa ás institucións

Que os conflitos "se noten" nas institucións non equivale, porén, a que os partidos da oposición se convertan en movementos sociais. A oposición está aí para propoñer unha alternativa política. A súa capacidade está así posta a proba: son quen de propoñer alternativas claras e serias ao presente? En caso de que non, a mediocridade que reina na dereita non pode estar máis satisfeita. Se a esquerda esquece a súa dimensión política e se transmuta en simple movemento social, dimite da súa principal función: ser quen de afrontar a crise a través dunhas institucións que fan posible o debate democrático e o progreso social.

Necesitamos debates, propostas e pactos entre os partidos sobre as políticas públicas que nos poidan sacar da depresión económica e que orienten o gasto público cara os sectores que máis poden dar a sociedade en retorno (que non son precisamente o deporte profesional, as paparotas populares ou os gabinetes de prensa e as súas propagandas). Esta parte da vida parlamentaria é a máis imprescindible.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Cando eu era un raparigo e ía á escola falábanme dos nenos pobres dos países pobres. Facíanse campañas como a de Mans Unidas, onde se recollían cartos para o Terceiro Mundo. Remataba a campaña e a outra cousa. Non estaba mal. Algo funme concienciando e sabendo cousas sobre ese terceiro mundo.

Agora continúa a haber a campaña de Mans Unidas. Está ben que a rapazada siga a recibir a mensaxe de que hai países onde a auga potable é un luxo e casas onde os nenos non poden xogar a videoxogos porque non hai electricidade. Pero o bo é que agora as campañas se diversifican e se amplían. Mans Unidas fai un bo labor de concienciación e continúa, pero ademais hai outras que tamén o fan e tratan de crear proxectos para todo o ano.

Eu coñezo dúas que están a facer un bo traballo neste sentido. Unha é Entreculturas, coa súas redes solidarias. Nos colexios crean grupiños que tratan de concienciar os compañeiros e compañeiras e ademais comparten con rapaces e rapazas doutros colexios as súas experiencias e a súa formación.

Outra ONG que está a traballar neste sentido é Intermón. Eles fan unha serie de actividades que chaman receitas para un mundo máis xusto. Soan ben estas actividades e teñen boa pinta. Adiante ás ONG que seguen a traballar ben e con sentidiño nos colexios.

A peneira

1

O 10, Día do enfermo, escoitamos a Irmandade da SANIDADE urxindo atender ao enferm@, no galego co que Antón Beiras, nos 50, comunicaba a súa investigación ao mundo. 100 anos de loita, como lemos en *Ciencia e conciencia na Universidade de Santiago (1900-1940)* de Gurriarán.

2

O 10 volve BOLIVIA á Convención Antinarcóticos, defendendo a saúde da tradición ancestral da mata ou mascado de folla de coca (27.000 hectáreas), contra o narcotráfico que a transforma en cocaína con produtos químicos nocivos. Ana López de Lugo traballa alí de misioneira no cárcere de Sacaba.

3

O 21, na Casa Casares Quiroga da Coruña, preséntase o libro *Los curas contra Franco* de Rosa Cal, un percorrido polo Ferrol de 1950-78, é dicir, a loita duns cregos contra a ditadura e a prol dos máis febles. Transmite a enerxía necesaria para recuperar o espírito de Xesús de Nazaré.

4

5000 persoas SEN TEITO en Galicia, o 30% con enfermidades graves, nun país que conta con 1200 prazas. Máis da metade sen emprego e 20% sen tarxeta sanitaria. Esta Unidade de Rúa do Centro Integral de Inclusión de Vigo patea a contorna para coñecer e remediar a súa situación

5

7

6

8

Alfonso Blanco Torrado

5

Medraron as doazóns (36 por millón de habitantes) para TRASPLANTES. No 2012
houbo 294 en Galicia grazas a 84 doadores/as. Na foto o coordinador Antón Fernández do Hospital da Coruña. Tamén a través do Facebook podemos facernos doadores, cubrindo un formulario

6

No Día da fame e da SEDE, denunciamos a perda de 30% do alimento no mundo (1300 millóns de toneladas) e tamén que o G8 podería rematar con ela en 10 anos. Un cidadán gasta 140 l./ día de auga, e perde por fugas o 30% (100 l./ mes goteos da billa). Na foto, Prada, de Cáritas de Ribadeo reparte 55 bolsas de comida ao día.

7

A FAME acusa @s galegos por tirar 241 toneladas/ano de alimento (885 millóns €) por mala conservación e planificación. Consumimos un 3,25% máis cá nosa biocapacidade. Necesitamos 5,4 hectáreas por persoa, e só temos 1,6. Para soster a poboación mundial co nivel EUA fan falla 5 planetas máis (3 para o nivel europeo, e 1 paro o da India).

8

No Ano do AIRE denunciamos que a polución mata máis ca o tráfico: 400.000 mortes prematuras en Europa. 8500 nas principais cidades chinesas no 2012. Medra a emisión de CO^2 en Galicia, un 25%. A central das Pontes é a que produce máis electricidade do estado e máis gases. Consumimos menos enerxía e máis contaminación, que baixaría coas renovables un 80%. Exportamos o 23% a España e Portugal.

27891 CERVO (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41 - Fax 982 - 55 78 04
e-mail: sargadelos@sargadelos.com

O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléf.: 981 - 62 09 37/62 02 00
Fax: 981 - 62 38 04
e-mail: ocastro@sargadelos.com

Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléf.: 981 - 58 19 05 - Fax 981 - 58 58 88
e-mail: galeriasantiago@sargadelos.com

Real,56
15003 A CORUÑA
Teléf.: 981 - 22 26 04 - Fax 981 - 22 26 04
e-mail: galeriacoruna@sargadelos.com

Provença, 274 - 276
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 03 68 - Fax 93 - 215 01 79
e-mail: galeriabarcelona@sargadelos.com

Conde Aranda, 2
28001 MADRID
Teléf.: 91 - 310 48 30 - Fax 91 - 310 48 30
e-mail: galeriamadrid@sargadelos.com

GALERIAS SARGADELOS

Habana, 12
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 37 09 26 - Fax 988 - 37 09 28

Rubalcava, 30 - 32
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14 - Fax 981 - 35 37 16
e-mail: ferrol@sargadelos.com

Pza. Sto. Domingo
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04 - Fax 982 - 24 49 13
e-mail: sargadeloslugo@terra.es

Urzáiz, 17
36201 VIGO
Teléf.: 986 - 22 00 50 - Fax 986 - 22 04 74
e-mail: info@galeriasargadelos.com

Oliva, 24
36001 PONTEVEDRA
Teléf.: 986 - 85 25 84 - Fax 986 - 85 79 18

Pza. de España, 2
27400 MONFORTE DE LEMOS
Teléf.: 982 - 40 26 57 - Fax 982 - 41 60 33
curgal@curgal.com

Conde de Fenosa, 38
32300 O BARCO DE VALDEORRAS
Teléf.: 988 - 32 05 86

Rúa Castelao, 52
36980 O GROVE
Teléf.: 986 - 73 09 68 - Fax 986 - 73 23 34
espiroide@yahoo.com

Calvo Sotelo, 8
36680 A ESTRADA
Teléf.: 986 - 57 52 46 - Fax 986 - 57 02 94
sargadelos@aestrada.com

CONTRAUTOPÍA
de coresma

"Eu direilles:

Escoiten xefes e gobernantes do meu pobo. Non deberían, nesta altura, saber distinguir o xusto do inxusto? Por que, logo, odian o ben e aman o mal?

Esfolan viva a xente do meu pobo, arríncalle a carne e os ósos.

Escoiten isto, os que gobernan. Desprezan a xustiza, retorcen e amañan a lei, edifican o estado sobre crimes. Porque os gobernantes se deixan mercar para ditar sentencia; os sacerdotes cobran por una decisión; os profetas só falan se se lles paga.

E todos se senten tan seguros: 'se Deus está con nós, que desgraza nos pode pasar?'

Pero Xerusalén será reducida a refugallos e o outeiro do Templo será deixado a monte."

(Miqueas, 3)

O peto común Unha ollada á túa cara cando vai mal tempo

Josecho de la Torre

Semella que camiñaremos polas mesmas corredoiras, que este temporal non sabe de formas verbais e que estamos abocados a caer na *desesperación*... Ti amosas a súa cara dende hai tempo. Levas as pálpebras sen retorno e a boca acatando o *peche definitivo*. Non deixo de buscarte naquel rostro de sempre pero nin o fulgor daqueles ollos nin o sorriso repentino parecen librarse dos *recortes*. A época de "felicidade" deixou unha posta de sol ben fermosa, foi a última luz de verdade na que habitamos, despois chegou o *desafiuzamento* e quedamos sen nada. Se tan sequera tiveramos... pero non, todo foi á présa. A mesma présa que levaba un fenómeno inhabitual a Cangas, levantou tellados das casas de Punta Balea e non saciado baixou ata o peirao para deixar orfos, mancos e desvalidos no tellado do Club de Remo e nuns trinta barcos do porto deportivo. Eran as 6 e media da mañá, din que non houbo danos maiores porque o pobo aínda durmía; pero non todos, ti ficabas nun lugar con vistas *preferentes* ao abismo, baixo o caixeiro dunha sucursalonde preparabas as uvas intermedias entre un ano desgraciado e a pura *impotencia*. Como a que sente a familia do Club Ciclista Bueu pola mal chamada autovía entre Marín e Pontevedra á altura dos Praceres. Cristóbal Hermida, patrón desta "grupeta", rodabas cara o patrimonio inmorredoiro da comarca para unirte ao pelotón ilustre do ciclismo galego, coa mesma vontade, coa mesma paixón e coa mesma entrega que de costume. O 20 de xaneiro percorremos a estrada do inferno ata a fatídica vía para relembrarte. Houbo moita xente, non podía ser doutro xeito a pesar do diluvio. Unha morea como a convocada polas *privatizacións* nas prazas máis significativas cada día.

Algo di que aínda che quedan algunhas forzas para revivirte e recuperar a cara boa contra o mal tempo. Pensa nos pais e avós, tamén camiñaron pola sinuosidade doutras frontes e saíron adiante. Sigo mirándote, agardando que a pesar da que está caendo fóra devolvas o sorriso e a luz dos ollos á túa cara. *Aequam memento rebus in arduis servare mentem*. Consérvaa!

O CARRABOUXO por Xoxé Lois

Festa do lume 2013 O *Posible* xa está entre nós

Redacción

No mosteiro de Bergondo, en longo proceso de rehabilitación, como Galicia mesmamente, xuntámonos este pasado 2 de febreiro para celebrar a asemblea anual da Asociación Irimia. Tamén, arredor do lume, celebramos a nosa candeloria, os pequenos lumiños que avivamos e nos avivan, como o dunha nova maneira de entender a economía, como o de repensar as cousas teolóxicas desde a experiencia de ser muller, como o proxecto Fiare, como esta revista e os vínculos, proxectos e visións que nos unen a todos aqueles e aquelas que non se conforman con este presente de "sobres e sobresaltos".

Rubén Aramburu, o abade do mosteiro, recibiunos en son de paz

Os nosos lumiños

Na asemblea da Asociación revisamos a marcha das cousas, da Romaxe e da revista, rendéronse contas por parte do tesoureiro Pepe Barca, e actualizáronse compromisos co proxecto Fiare de banca ética. Tamén se renovou algún cargo, como o de secretaria, que pasa a ser Teri Campelo, mentres que Concha Sánchez se ocupará do servizo de subscricións da revista, substituíndo a Manuel Adame. De momento o resto da directiva continúa, aínda que conscientes da necesidade de traballar unha renovación progresiva durante este ano.

Josep Manuel Busqueta, do Seminari de Economía Crítica Taifa, durante o seu relatorio

a subscrición só se sobe 1€ e invítase a quen poida pagar máis, a que contribúa máis

Un dos aspectos, que xa se anunciara aquí na revista, era o da posible suba de cotas de subscrición. A cuestión parte do dato de que a revista xera un perda anual de máis de 5.000€, entre outras cousas porque non se recibe ningunha subvención, nin sequera por normalización lingüística. A proposta inicial, para compensar ese déficit, foi moi debatida e, finalmente, reconducida. Subirase, na subscrición ordinaria tan só 1€, pasando de 24 a 25€, e na subscrición de apoio, 4€, pasando a ser de 40€ anuais. A cuestión é que, en época de crise, se aposta por manter un ano máis a revista en déficit, evítase trasladar a todo o mundo a suba e faise unha chamada para que, o que poida pagar máis, axude a manter esta revista viva. Tamén se insistiu en que ninguén, por falta de cartos, se teña que dar de baixa.

Reabriuse de novo o debate sobre a conveniencia ou non de facer a revista Irimia mensual. Tamén da posibilidade de que unha parte dos subscritores, os que así o preferisen, puidesen recibila só en formato electrónico (xa que isto abarataría custes). Sobre estas cuestións non se tomou decisión ningunha, deixando o debate aberto á espera de que a propia mesa de redacción e a directiva se pronuncien. Entre tanto acordouse preparar unha enquisa de opinión, que podería ser aplicada sobre unha mostraxe significativa dos subscritores.

Con respecto ao proxecto Fiare de banca ética, Manuel Adame e Alfonso Mascuñana explicaron como Fiare Galiza, da que Irimia é socia fundadora, pasa xa a ser parte da Banca Ética Populare, de maneira que poderá operar como un banco convencional neste mesmo ano: xestión do

Momento da presentación do libro *As mulleres falamos de teoloxía* (De esquerda a dereita: Pilar Wirz, Tareixa Ledo e Concha Sánchez)

aforro, créditos, tarxetas, nóminas, etc… Tamén explicaron que a rede de entidades galegas que actuou como promotora, rede plural e diversa de 26 asociacións, seguirá probablemente como plataforma de promoción, difusión e denuncia, a prol dunhas finanzas distintas, que son posibles, que xa funcionan.

Economía crítica, alternativa e posible

Desde Cataluña viñeron Josep Manuel e Clara, que nos axudaron a reflexionar sobre como se está tecendo día a día toda unha rede complexa e multicolor de pequenas alternativas a este sistema depredador, a un capitalismo especulativo que está arruinando as conquistas sociais de anos e anos e, ademais, levando ao planeta cara aos seus límites ecolóxicos.

Josep Manuel Busqueta, de quen publicaremos unha entrevista nun próximo número, panadeiro de profesión e economista crítico de vocación, forma parte do Seminari de Economía Crítica Taifa, e traballou en tarefas de asesoramento do goberno da República Bolivariana de Venezuela. Explicou como a alternativa –ou, mellor, "as altermativas"-, ao presente non é un mapa de estradas perfectamente detallado, senón que se vai construíndo de pequenas e non tan pequenas experiencias. Decrecemento, banca ética, economía social, municipalismo alternativo, eco-agricultura, comercialización de ciclo curto, etc… son realidades, son enerxías que sumadas apuntan e van debuxando os perfís desa alternativa.

Tamén insistiu na importancia de "partir do obvio", do inmediato. Igual que a rebelión contra o zarismo falaba de "pan, terra e paz", nós debemos rebelarnos a prol dunha sanidade, dunha educación e duns servizos sociais públicos e de calidade. E ir avanzando tendo moi claros os eixos básicos para ese avance: na propiedade colectiva do que é esencial para o ben común, na reivindicación do comunitario; na distribución equitativa dos bens; na xestión horizontal do poder; na cultura e nos valores que potencien o ben común.

As mulleres crean o seu propio relato teolóxico

Tareixa Ledo, con Pilar Wirz, presentou o libro *As mulleres falamos de teoloxía*, que nace da experiencia colectiva de 18 mulleres que se reuniron de maneira regular para escoitarse e expresar, desde a súa propia perspectiva e vivencia de muller, as cuestións relacionadas co experiencia de fe e o relato teolóxico que sostén e expresa esa experiencia.

No Espazo de teoloxía Feminista, empregaron o sistema da co-escoita, que obriga a un reparto equitativo de palabra e escoita entre as participantes, favorecendo unha construción coral e igualitaria do discurso. Ese é o resultado que se traslada ao libro, una contribución viva, crítica e feminista á reflexión teolóxica.

A celebración da candeloria

Cunha sinxela celebración eucarística arredor do lume, preparada pola parroquia do Cristo da Victoria de Coia-Vigo, rematou a xornada. Tivemos ocasión de lembrar os lumes pequenos que foron e van dando calor e luz ás nosas vidas e ás nosas causas. Tamén aos que foron quedando no camiño, como Agustín Bueno e Bernardo G. Cendán que tantas veces nos teñen acompañado nesta festa coa que empurramos para poñermos fin á invernía e facer que os días medren e a tebras devalen.

> estase tecendo día a día toda unha rede complexa e multicolor de pequenas alternativas

A xornada de encontro rematou cunha sinxela celebración.

Horizonte universal

Sobre relixión e ciencia, espiritualidade e Deus hoxe

Victorino Pérez Prieto

Teñen algo que ver Deus, a relixión, a espiritualidade e a ciencia nas sociedades laicas do século XXI? Logo da omnipresencia e omnipotencia da relixión nas sociedades premodernas, despois dos conflitos irreconciliables da modernidade entre pensamento científico e relixioso, para acabar na última década do século XX cunha certa relación non belixerante baseada en parte no mutuo respecto, pero tamén na ignorancia mutua e un "cada cal coa súa teima", no século XXI empezamos a propoñer as cousas doutro xeito. Non só desde o respecto mutuo, nin sequera só unha posible complementariedade máis aló de excluíntes dogmatismos relixiosos e científicos, senón desde a necesidade de escoitarse para poder coñecer a realidade –o cosmos e os seres humanos- tal como é.

Cartel do último foro de Encrucillada dedicado ao necesario diálogo entre relixión e ciencia

A esencia das relixións

A relixión non só non é unha alienación de homes e mulleres oprimidos, superestrutura que a clase dominante usa para ter sometida á clase dominada (Marx), ou a obra de humanos inferiores que non saben realizar a súa natural grandeza de "superhomes"(Nietzsche) ou unha ilusión infantil-paranoia universal (Freud), como ensinaron os grandes *mestres da sospeita*, senón que a súa realidade lexítima ten ata unha base científica; tanto nos seres humanos -nos labirintos do seu cerebro e as súas neuronas, como ensina a última neurociencia- coma na realidade cósmica -tal como expresan altos exponentes da física cuántica. Certamente, a relixión foi manipulada polos poderosos e utilizada na historia humana como instrumento de opresión; chegou ata a se converter en algo perverso, manifestación dun "Deus perverso" (M. Bellet) inventado. Pero, é esa a súa esencia xenuína, ou trátase dunha degradación do que realmente é? Esta é a verdadeira cuestión. Porque outro tanto ocorreu con todas as realidades humanas máis fermosas: desde a política, o dereito e as leis á creación artística, todo foi pervertido; o que nos serviu para crear e para amar serviu tamén para odiar e destruír, esnaquizar e maltratar.

Nos últimos tempos multiplicouse a bibliografía a este respecto, sobre todo en inglés, pero tamén en español e outras linguas. Dous libros chamáronme recentemente a atención e lin con interese, pola talla dos seus autores e a calidade científica, reflexiva e honesta dos textos. O primeiro é un marabilloso diálogo entre o reputado físico cuántico alemán Hans Peter Dürr (director do Instituto Max Planck de Física) e un filósofo-teólogo que tamén sabe de ciencia, o mestre Raimon Panikkar (que foi catedrático da Universidade de California-Os Ánxeles); leva un título expresivo: *L'amore fonte originaria dell'universo. Un dialogo su scienza della natura e religione* (*O amor, fonte orixinaria do universo. Un diálogo sobre a ciencia da natureza e a relixión*). H.P. Dürr chega a dicir, en magnífica sintonía co finado Panikkar: "Todo está ligado conxuntamente dun modo invisible. A realidade ten unha forma inmaterial. Isto significa que, no fondo, é só relación, conexión, amor"; Deus, a divindade ou o misterio non teísta está na base dese amor.

> Todo está ligado dun modo invisible

Deuses, crenzas e neuronas

O segundo libro é obra dun biólogo experto en neurología, que tamén sabe de filosofía, teoloxía e pedagoxía (Ramón María Nogués, emérito da Universidade Autónoma de Barcelona). O título é rechamante: *Deuses, crenzas e Neuronas. Unha aproximación científica á relixión*. Quérome parar un pouco máis neste libro, máis accesible ao lector hispano.

As relixións son un medio privilexiado para afondar no misterio da realidade

Ramón María Nogues autor do libro *Deuses, crenzas e Neuronas. Unha aproximación científica á relixión*

Logo da aproximación á relixión que fixeron no pasado a filosofía, a socioloxía, a psicoloxía e a ciencia, chegoulle a quenda á xenética e a neuroloxía. O autor manifesta no prefacio que se trata de recursos de coñecemento máis *duros* que a filosofía ou as ciencias humanas"; pero as súas conclusións chaman a atención por ser "máis positivas no que respecta á relixión que as vellas deducións" da filosofía e outros campos de estudo. E, ata, como indica máis diante, "a neurociencia evidenciou (…) un concepto da mente que desautoriza a súa visión fundamentalmente *racionalista*"; e é que o pensamento é "unha ínfima parte da actuación do cerebro", fronte á pretensión de entendelo todo, o certo é que "só entendemos o pouco que captamos", a realidade é máis ampla. Ben é certo que, xa desde o comezo, o autor distingue sabiamente entre o que a neuroloxía pode dicir do *feito relixioso* como actividade humana e o que puidese afirmar de Deus , aínda que algúns autores chegaron a falar tamén del (D.H. Hamer, *O xene de Deus*).

Hoxe convén saber distinguir entre a relixión e a fe –relixiosa ou non-, as espiritualidades e as relixións, as crenzas, os dogmas e as igrexas, os agnosticismos e os ateísmos... aínda que moitas veces eses elementos conflúan nunha experiencia persoal onde é difícil distinguilos. Pero a neurociencia dános, tamén, unha importante achega á posibilidade de crer en Deus/o misterio (teísta ou non teísta) no seo dunha cultura que confía na ciencia: ser crente-relixioso "sen complexos", dun xeito "tranquilo, libre e liberador, e ata un punto provocativo (…) como chamamento a unha obxectividade" .

O libro que comentamos, ben escrito, é froito dunha marabillosa combinación de coñecementos científicos e unha lúcida e honesta reflexión. Está organizado en 12 grandes capítulos: un cerebro para vivir, cerebro e transcendencia, transcendencia, relixión e interpretación, neurorrelixión, pluralismo relixioso, sexo e relixión…

O valor actual das relixións

Hoxe, neste momento de cambios inéditos na historia, sabemos que é máis fácil falar de relixión, do feito relixioso, aínda que non tanto de Deus. O autor conclúe cunha postura que veño repetindo desde fai tempo e na que coincido co meu mestre Raimon Panikkar: a afirmación do valor das relixións hoxe coma sempre, sen restarlle valor ás espiritualidades, que poden ser relixiosas ou non. Mais alá da súa discutible institucionalización e articulación histórica, creo que as relixións seguirán existindo mentres haxa seres humanos; son unha riqueza específicamente súa. A pesar do dualismo do que adoecen moitas veces, son un medio privilexiado para afondar no misterio da realidade e descubrir que formamos parte non dual dela. Sen elas, a cultura e o espírito humano perderían algo moi valioso, fundamental.

Entrevista...imaxinaria *Exeria, escritora e viaxeira*

Marisa Vidal Collazo

Está de visita en Galicia Exeria, unha muller singular, a primeira muller escritora da Hispania. Tomando un café con ela cóntanos da súa viaxe a Terra Santa. Vese unha muller cordial e segura de si mesma, que toma o café amodiño, saboreando cada grolo. Mentres responde ás preguntas, un sorriso báilalle nos beizos.

O mapa da viaxe de Exeria

Boas tardes, Dona Exeria. Tivemos noticia da súa viaxe, e queríamos que nos comentara un pouco polo miúdo esa experiencia. A primeira pregunta é case inevitable: cando e porque viaxou a Terra Santa? Que buscaba nesa aventura?

Ben. Non son unha aventureira no senso estrito da palabra, aínda que si son ben botada para adiante. Fun dende *Gallaecia* ata os límites entre o Imperio Romano e o Persa (entre os actuais Iraq e Xordania) entre os anos 382 e 385. A finais do século IV, na provincia de *Gallaecia* sopraban malos ventos para a igrexa de base: andaban algúns bispos da *Hispania* querendo impoñer as formas romanas de vivir e celebrar a fe, prohibindo as nosas romarías, coas que a xente se sente tan identificada, non deixando ler máis que os libros que eles consideran oficiais do cristianismo, non deixando facer retiros ás mulleres e aos segrares ao noso xeito,... Imaxinádevos que para darnos mala prensa ata nos acusaban de facer orxías espidos polo monte, co frío que vai en *Gallaecia*... Prisciliano, o bispo de Ávila, era o noso maior animador, pero non era o único; outros bispos e xentes de peso na igrexa apoiaban estas prácticas relixiosas. Para cando eu empecei a miña viaxe, xa andaran a procesar a Priciliano: desterrárano por herexe e logo derrogaran a súa pena cando demostrara que o seu non era unha herexía... Cando volvín de Terra Santa atopeime coa noticia de que o mataran, xunto con Eucrocia, Latroniano e outros compañeiros. Eu fun a Terra Santa entre outras cousas porque quería ver alí, no mesmo berce do cristianismo, como viven e celebran a fe, para podelo contar na miña terra.

> Para cando eu empecei a miña viaxe, xa andaban a procesar a Priciliano

Que foi o que máis lle chamou a atención?

Chocoume que en Oriente hai moita máis naturalidade na vivencia da fe. Hai unha maior formación, claro, e a xente sabe distinguir o que é importante do accesorio, e iso é fundamental. Ninguén se escandaliza, por exemplo, de que se lean evanxeos apócrifos como os Feitos de Tegra ou os de Tomás. Aquí eses libros están prohibidos.

A súa viaxe non foi improvisada, non?

Por suposto que non. Non ía gastar tantos folgos só por turismo, como fan agora. Eu levaba toda unha folla de ruta, preparada aquí en *Gallaecia* coa miñas compañeiras. Interesábanos moito como facían os anacoretas, os eremitas, en Oriente, que tanta sona tiñan, por iso estiven en Alexandría, Nitria, Tebas e o Sinaí, en Exipto, onde empezou o eremitismo no século III.

Aquí en *Gallaecia* facemos retiros no monte, pero non temos moita pauta. En Oriente teñen xa normas, carismas diferentes... Os costumes dos eremitas cambian dunhas zonas a outras, pero todos son ben interesantes. Por exemplo, no Sinaí atopei que os eremitas non están sempre sós, senón que se reúnen nos cenobios os días de festa, e que teñen as súas hortas, das

Exeria levada ao teatro polo centro dramático galego

que sacan para vivir e ofrecer agasallos aos visitantes. Fíxate que esas froitas coas que nos agasallan chámanlles *eulogias*, como os alimentos que os primeiros cristiáns compartían nos banquetes eucarísticos.

Fala dunhas compañeiras. Cónteme, quen son esas compañeiras?

Son as miñas irmás, un grupo de mulleres que nos dedicamos ao estudio da teoloxía, como lle chamades agora, e tamén a vivir a nosa fe desde o noso ser de mulleres. Elas foron o meu sostén na distancia. Houbo xornadas ben duras, pero acordarme delas deume forzas para seguir, para non "tirar a toalla". Neste grupo foi onde xurdiu a idea da viaxe. Como se estaban a cuestionar continuamente as nosas maneiras de celebrar a fe pensamos que sería bo ir a Xerusalén, onde morreu e resucitou Xesús, o noso Deus, e alí tomar nota de como se celebraban as diferentes festas litúrxicas. Logo tamén estaba o tema dos retiros no monte. En *Gallaecia* estaban empezando a aparecer os primeiros anacoretas, e interesábanos saber como se organizaban os eremitas de Oriente. E como somos moi amigas de estudar e ler, pois tamén se pensou en reseñar os lugares que se citan na Biblia e outros libros relixiosos: a Palestina na que viviu e predicou Xesús, o monte Sinaí onde naceu o pobo de Israel, a terra de patriarcas e profetas, as tumbas dos mártires,...

Levaba unha axenda de viaxe ben apretada, logo!

Si. Había que aproveitar para ver moitas cousas. Ás veces ata me foi necesario quedar máis tempo do previsto nalgún lugar porque había cousas que ver que pagaban a pena, ou porque estaba cansa e cumpría recuperar forzas. Por iso a idea de escribir o *Itinerario*. Cada día, á noitiña, escribía todo o visto e aprendido no día, e así todo quedaba consignado para que as miñas compañeiras o puidesen ler.

> Como cuestionaban as nosas maneiras de celebrar a fe pensamos ir a Xerusalén, a ver como facían alí

Houbo algún sitio difícil de chegar, algún que quixera ter visto e non puido ser?

Pois si, houbo. A subida ao monte Nebot, ou ao Sinaí custaron o seu, pois non se podía ir máis que a pé, case gabeando polo monte... Tamén me quedou mágoa de non ter ido a Ur de Caldea, a patria de Abraham. Había que cruzar a fronteira entre o Imperio Romano e o Persa e resultaba perigoso. Tívenme que contentar con ver a tumba de Xob: foi o máis ao leste que puiden chegar! (suspira)

De seguro coñeceu a moita xente interesante. Houbo alguén que a impresionara especialmente?

Coñecín moitos homes e mulleres: confesores, eremitas, presbíteros, bispos... Destacaría a Cirilo de Xerusalén, o autor das liturxias da cidade santa, que me axudou na recollida de todos os datos da segunda parte do *Itinerario*. Pero a persoa coa quen máis me identifiquei, na que recoñecín a unha igual foi Marthama, unha muller impresionante: diaconisa e directora de varios mosteiros de virxes (*apotactitas*, chámanlle alí) en Seleucia. Coñecina cando estiven por primeira vez en Xerusalén, no ano 382, e logo funa visitar no seu mosteiro de Seleucia no 385, antes de volver para a terra.

E que recordos trouxo de Terra Santa?

Ben. Non trouxen a botelliña con auga do Xordán que agora traen todos os turistas, pero trouxen outras cousas interesantes. Por exemplo, o seu bispo regaloume un códice, unha copia da carta do rei Abgar a Xesús e a resposta do Mestre ao rei Abgar. Xa sei que a vós o nome de Abgar

Exeria vista por Seoane

Entrevista...imaxinaria *Exeria, escritora e viaxeira*

Marisa Vidal Collazo

o imperio romano nos tempos de Exeria

non vos di moito, pero na biblioteca que manexamos no meu grupo de mulleres tiñamos unha copia incompleta destes textos, así que atopar e poder traer un códice enteiro para min, para nós, ten moito mérito.

Foi útil a súa viaxe?

Para cando volvín xa tiñan matado a Prisciliano e aos compañeiros. Pero dalgún xeito, naqueles momentos baixos na igrexa de *Gallaecia*, as noticias que eu traía deron forza a todas as comunidades cristiás, que seguiron celebrando e lendo, e utilizaron o material que eu recollera. Ata souben que o abade Valerio do Bierzo me puxo como exemplo aos seus monxes nunha carta que lles escribiu 300 anos despois do meu pasamento.

E non só iso. Houbo copias do seu libro en varios mosteiros galegos e europeos...

Si. Tamén sei que Pedro Diácono, no século VI, escribiu unha guía de Terra Santa: *Liber de locis sanctis,* copiando o meu diario, pois el nunca viaxou a esa parte do mundo.

o Camiño de Santiago é xusto a peregrinación inversa á miña

E, con todo, nós hoxe non temos un texto completo do itinerario que vostede escribiu.

Si, e é unha pena que só poidades ler unha parte. Fáltavos a miña chegada a Xerusalén, absolutamente emocionante; a visita a Alexandría, unha cidade cunha biblioteca impresionante, daquela dirixida por unha muller, Hipatia. Tamén se perdeu a miña visita a Tebas... Pero non perdades a esperanza, calquera día, onde menos o esperedes, aparecerá unha copia completa. Hai aínda tantas bibliotecas medievais por estudar, e tantos textos monásticos roubados en e colecciónsprivadas... Con todo, aínda que apareza non ha ter tanta sona como tivo o *Codex Calixtinus* (rise).

Sendo que lle gusta tanto peregrinar, é por iso que veu a Compostela?

Ben, o Camiño de Santiago é xusto a peregrinación inversa á miña. O camiño xacobeo é unha peregrinación cara ao *Finisterrae*, ao ocaso da vida. Eu preferín peregrinar ás orixes, buscar as fontes da Vida e da Palabra. A min interésame máis todo aquilo que me alimenta e vivifica, o que me fai resucitar.

Pois moitas grazas polo seu tempo e a súa palabra. Desexámoslle moi boa estancia entre nós e que o seu espírito buscador non nos abandone nunca.

E eu deséxovos o mellor para a vós, a Asociación Irimia, que dalgún xeito estades a recoller o legado que Prisciliano deixou. E quero mandar un saúdo especial a unha asociación de mulleres de igrexa que leva o meu nome, as Mulleres Cristiás Galegas-Exeria. En certos xeitos parécense moito a aquel grupo que eu formaba coas miñas compañeiras.

EDITA: Asociación A. IRIMIA **FEITO EN PAPEL RECICLADO**
MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.
COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.
CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.
RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org
SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 655 028 253 / subscricions@asociacion-irimia.org
Ordinaria: 24 Euros. de Apoio: 36 Euros.
PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia .org
CONTA: NOVACAIXAGALICIA, CC/2080-0349-85-3040005822- Urbana, nº 8 - Santiago
DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.000 exemplares **DESEÑO E MAQUETACIÓN:** Ninfa, Riveiro, Martínez
ISSN: 2172-9182 **IMPRIME:** Artes Gráficas LITONOR S.A.L. **DISTRIBÚE:** IMPACTA
EDICIÓN ELECTRÓNICA: http://asociacion-irimia .org/revista.xhtml

Boa Nova

A CLAVE

Non tentarás o Señor, teu Deus

A narración das tentacións de Xesús ao comezo da súa misión, mais que unha situación puntual na súa vida, vén expresar de forma sintética os desafíos que tivo que afrontar no camiño de levar a cabo seu proxecto do Reino.

A fonda e transparente humanidade de Xesús está nesta presentación, magnificamente expresada. O mestre, afrontando e superando as tentacións da vida, mostra o camiño da autenticidade humana. A raíz desta superación, non está na forza de vontade, senón na súa xenuína experiencia de Deus, que impulsa a súa decisión de permanecer fiel o proxecto do Reino.

O marco no que se nos presenta a escena é a vivencia e o recordo de Israel do tempo pasado no deserto trala saída de Exipto. O deserto é lugar onde se atopa Xesús e a súa experiencia dura tamén 40 días. Estas referencias, máis que un eixe espazo-temporal, son a expresión plástica da vivencia humana da tentación: a soidade nunha longa experiencia de loita por ser fiel os ideais en honestidade coa vida..

A composición dos diálogos con Satán recorre a citas do Antigo Testamento mostrando unha hermenéutica concreta das Escrituras. No tempo de Xesús a Escritura citábase enunciando unha frase do texto para que o oínte, que en xeral a coñecía de memoria, puidese evocalo completo na súa mente. Así as respostas do mestre as insinuacións do demo invitan a volver a Palabra de Deus e situarnos na experiencia fonda que esta a soster a súa vida. Non son respostas de libro, senón a vivencia intima que Xesús ten de Deus.

A comunidade lucana, e tamén nós hoxe, temos neste texto a clave fundamental que moveu a Xesús o longo da súa vida: a súa experiencia de Deus. E dende ela foi capaz de afrontar todos os obstáculos, materiais o existenciais, que se lle ían presentando.

Xesús presentase, no relato das tentación, na súa plena humanidade e na súa autentica divindade. E así contemplándoo afrontando a tentación, revélasenos a verdadeira humanidade, e o autentico rostro de Deus.

Carme Soto

O ECO

"Se me tocara a lotería entón….". "Se fose o presidente do goberno faría que…". "Se fose alguén famoso a quen escoitaran, falaría clariño de…".

Seguramente estas expresións se nos pasaron pola cabeza algunha vez, e non supoñen uns desexos negativos, aínda que esconden algo de tentación.

En primeiro lugar a tentación de xustificarnos. Xustificar o que facemos mal, e xustificar o ben que deixamos de facer, xa que pasamos a percibir as nosas actuacións como insignificantes e sen grandes repercusións nos demais (sería outra cousa se tivésemos unha fortuna, ou tivésemos unha relevancia social,….)

En segundo lugar a tentación de poñer as nosas esperanzas e ilusións fora de nós (que me toque a lotería, que os gobernantes ou os famosos fagan,…) e resignarnos, polo tanto, a pensar que non somos quen de mudar nada.

Nas tentacións Xesús rexeitou os bens materiais, o poder ou a fama como medios para propoñernos o Reino de Deus. E a nosa principal dificultade hoxe é descubrir como se nos presentan camufladamente estas tentacións, pois a nada que nos paremos descubriremos que seguen moi presentes.

Modesto Campos

A PALABRA

DOMINGO 17 DE FEBREIRO. I DE CORESMA

A PALABRA. Lc 4, 1-13

Naquel tempo, Xesús, cheo de Espírito Santo, volveu do Xordán, e o Espírito levouno deserto adiante, durante corenta días, onde o tentou o Satán. Naqueles días non probou bocado, pero ao cabo deles sentiu fame. E díxolle o Satán: "Se es o Fillo de Deus, manda que estas pedras se volvan pan". Respondeulle Xesús: "Está escrito: O home vive de algo máis que de pan". Despois levouno a un outeiro e mostroulle nun intre todos os reinos do mundo. Díxolle o Satán: "Dareiche todo o seu poder e toda a súa gloria, porque mos entregaron a min e doullos eu a quen quero: Se me adoras todo será teu". Respondeulle Xesús: "Escrito está: Adorara-lo Señor, teu Deus, e só a El darás culto". Levouno logo a Xerusalén e plantouno no cumio do templo e díxolle: " Se es o Fillo de Deus, bótate de aquí abaixo, que está escrito: Mandará os seus anxos para que te garden; e tamén: Levarate nas súas mans para que non se manquen os teus pés nas pedras". Xesús respondeulle: "Está mandado: Non tentarás o Señor, teu Deus". E rematadas as tentacións, o Satán deixouno ata o tempo axeitado.

Falando da lingua Carnaval ou entroido?

Lidia e Valentina

Ai, ímonos poñer moi serias, si, xa sabemos que o entroido é tempo de troula, pero tendes idea de onde vén a denominación de "carnaval"? Ten a súa orixe en "*Dominica ante carnes tollendas*": domingo antes de quitar a carne, que deriva en *carnes tolendas*, quitar a carne. Non nos digades que non é cousa seria... Mais a palabra "carnaval" deriva do italiano "carnevale", que procede á súa vez de *carne levare*.

O carnaval é tamén a festa da primavera, na que se celebra o enterro das penurias do inverno e o comezo da época da abundancia e as colleitas, é dicir, celebraríase a fecundidade da terra.

Pola súa banda, a verba "entroido" (coa variante "antroido") procede do latín *introitus*, entrada, comezo do ano ou primavera, ou tal vez entrada da coresma. Diversos autores fixan a orixe do entroido en diferentes celebracións, ben celtas (adouraban elementos da natureza, que se aprecian nas máscaras dos entroidos traidicionais), ben romanas. Autores como Vicente Risco **e** Bouza Brei, que estudaron a máscara do peliqueiro (a figura máis importante do Entroido de Laza) asínanlle unha orixe prehistórica de sentido máxico e ritual, xuntada a prácticas de relixión primitiva.

Non todas as máscaras son tan vistosas coma as do sur de Ourense, pero si que son o elemento máis característico destas festas. Como lle chamades vós a ese "obxecto de papel ou de plástico que representa unha cara grotesca e que se utiliza para cubrir e ocultar o rostro"? Quizais **careta,** ou **carauta,** ou **caranta,** ou **carauta,** ou **caroza...** E tamén son sinónimos de "careta" as palabras **carantoña** e **felo.** Estas dúas, á súa vez, teñen tamén o significado de "aceno ridículo que se fai co rostro para mofarse de alguén". "Felo" adoita empregarse en plural: *Non lle sigas facendo felos, que se vai enfadar de verdade*.

En fin, con carauta ou sen ela, pasádeo moi ben, que xa o di o refrán, "o Nadal coas túas mulleres e o entroido por onde puideres".

O Fachineiro da política internacional

Torcer o bico

E torcer tamén a cara e o corpo. Iso foi o que fixo Angela Merkel cando, no cumio da Comunidade de Estados Latinoamericanos e Caribeños, se atopou de fronte con Raúl Castro. E iso ante o sorriso de Porfirio Lobo, ese que aínda pide a esmola do recoñecemento internacional tras acceder á presidencia de Honduras logo do derrocamento do anterior presidente, Manuel Zelaya. Non sabe moi ben o fachineiro por que a bandeira cubana segue aparecendo nalgunha manifestación ou, de cando en vez pintada nun muro. Non sei se algunha vez o foi, pero hoxe non pode ser símbolo de liberdade. E xa non só polas cualidades que adornan o réxime dictatorial dos Castro, senón porque todo o mundo sabe que en Cuba violánse sistematicamente os dereitos humanos, tortúrase día e noite e perpétranse crimes con total impunidade. E iso sen movérmonos da base americana de Guantánamo. Pero non por iso a chancelera deixou de falarlle a Obama, comandante en xefe desa base. Nin tivo reparo en apretar a man e acompañar a campións da democracia coma Putin, Berlusconi ou Netanyahu. Pero sempre está ben elixir a alguén a quen non falar para saír ben na comparanza, sobre todo se é un país irrelevante nos negocios internacionais e non afecta ás vendas de Mercedes.

A.Q.